

Mércores, 25 de setembro de 2019

Núm. 184

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MARÍN

Recadación

PADRÓN AUGA-LIXO-SUMIDOIRO 3º TRIMESTRE 2019

NOTIFICACIÓN COLECTIVA

Por Resolución do Sr. Concelleiro delegado de Facenda do día 12 de setembro de 2019, foi aprobado o padrón fiscal correspondente ao terceiro trimestre do ano 2019 da taxa polos servizos de auga, lixo e sumidoiro.

Os interesados poderán examinar o padrón fiscal e a lista cobratoria por un prazo dun mes contado a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Contra ditas liquidacións poderá formularse, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte a aquel da finalización do prazo de exposición pública, recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Marín, conforme ao establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a repercusión do Canon de auga e o coeficiente de vertido poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda practicada a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 23 o 25 do Real Decreto 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e o artigo 62 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, de 17 de decembro, ponse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso, en período voluntario, da taxa polos conceptos de auga, lixo e sumidoiro correspondente o terceiro trimestre do ano 2019 será o comprendido entre o 1 de outubro e 5 de decembro de 2019, ambos inclusive, (ou o inmediato hábil posterior se aqueles foran festivos), no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora.

Dito cobro efectuarase a través das seguintes entidades colaboradoras: Abanca, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, La Caixa-Caixa Bank, Banco Santander, Banco Pastor, Banco Popular e Banco Sabadell-Gallego, empregando os formularios de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. Non obstante, se dito documento de pago non fora recibido antes do 1 de novembro, os interesados poderán solicitalo nas dependencias da Tesourería-Recadación do Concello de Marín. Para os recibos domiciliados se remitirá aviso de cargo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:BYNCW3DXJROXKA6A



Mércores, 25 de setembro de 2019

Núm. 184

Transcorrido o prazo voluntario, os débitos impagados serán esixidos polo procedemento executivo, e devengarán os recargos do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se xeren, de conformidade co establecido nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En relación o Canon da auga e o Coeficiente de verteduría, o impago no período voluntario suporá a esixencia destes conceptos directamente o contribuínte, pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda pola Xunta de Galicia.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e 24 do Regulamento Xeral de Recadación.

A Alcaldesa-Presidenta,

María Pilar Ramallo Vázquez

Documento asinado electronicamente

